



Xacobeo 21-22

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2022

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Galicia dixital. O Hipersector TIC en Galicia

**Observatorio da Sociedade da Información e a
Modernización de Galicia (OSIMGA)**

Xunta de Galicia

Presidencia

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de
Galicia (Amtega)**

Santiago de Compostela

2022

ÍNDICE DE CONTIDOS

Introdución	5
1. Demografía empresarial e Peso na economía galega	8
2. Emprego	26
2.1 Emprego por provincias	28
2.2 Emprego por áreas de actividade	31
2.3 Emprego segundo o xénero	34
2.4 Emprego por réxime de cotización	35
3. Comercio exterior	40
4. Innovación tecnolóxica	46
5. Patentes	58
Anexo: Definición áreas macrocomarcais	61



Introducción

Introdución

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través deste estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) proporciona, como continuación dos realizados en anos anteriores, unha caracterización actualizada do Hipersector TIC na Comunidade Galega.

Este informe está en consonancia coas directrices marcadas na **Estratexia Dixital de Galicia 2030**, que identifica ao Hipersector TIC como un dos sectores con maior potencial de crecemento nos próximos anos, que xera redes de valor co resto de axentes, empresas tractoras e sectores económicos, dando lugar á conformación dun ecosistema dixital galego activo.

Así, o Hipersector TIC en Galicia xa é unha peza clave no desenvolvemento económico debido ao seu grande potencial na xeración, retención e atracción de especialistas para responder ás necesidades de transformacional dixital actuais e futuras, pola súa capacidade en desenvolver capacidades e infraestruturas dixitais de vangarda en tecnoloxías disruptivas así como pola súa proxección exterior.

A elaboración deste informe é posible grazas á colaboración do Instituto Galego de Estatística, en virtude do convenio de colaboración asinado coa Amtega, e doutros organismos públicos que achegan os datos necesarios para a configuración desta publicación.

Ficha técnica

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Para determinar as actividades que constitúen o Hipersector TIC considérase como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE. Na seguinte táboa relaciónanse as actividades económicas, segundo a CNAE-09, que conforman o Hipersector TIC:

Táboa 1. HIPERSECTOR TIC - RELACIÓN DE CNAES

SECTOR TIC
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados
26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos
26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
58.2 Edición de programas informáticos
61.1 Telecomunicacións por cable
61.2 Telecomunicacións sen fíos
61.3 Telecomunicacións por satélite
61.9 Outras actividades de telecomunicacións
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web
95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical
60.1 Actividades de radiodifusión
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión
63.9 Outros servizos de información



1. DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL E PESO NA ECONOMÍA GALEGA

Demografía empresarial do Hipersector TIC

En Galicia existían un total de 3.919 empresas desenvolvendo actividades encadradas no Hipersector TIC ao final do ano 2020, das que o 75,6% realizaban actividades no subsector TIC e o 24,4% no subsector de Contidos.

DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL


O número de
empresas do
Hipersector TIC en
Galicia
incrementouse no
último ano un **2,3%**
ata acadar as **3.919**
empresas

O crecemento no número de empresas é sostido nos últimos anos, acumulando un aumento dun 14,9% dende o 2016.

A análise dos dous sectores que conforman o Hipersector TIC indica que:

- O sector TIC acada as 2961 empresas, un 2,2% máis que o ano anterior.
- O sector Contidos experimenta un crecemento do 2,7%, e abrangue 958 empresas en Galicia.

Gráfico 1. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia. 2016-2020



Fonte: IGE. Directorio de Empresas

Táboa 2. Empresas do Hipersector TIC. Ano 2020 (Número de empresas)

Sector TIC	
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados	13
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos	40
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	13
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	7
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	325
58.2 Edición de programas informáticos	25
61.1 Telecomunicacións por cable	26
61.2 Telecomunicacións sen fíos	20
61.3 Telecomunicacións por satélite	2
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	132
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1955
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web	155
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación	248
Sector dos contidos e medios de información	
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	371
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	414
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical	71
60.1 Actividades de radiodifusión	50
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión	25
63.9 Outros servizos de información	27
TOTAL HIPERSECTOR TIC	3919

Fonte: IGE. Directorio de Empresas

As empresas dedicadas a actividades de "Programación, consultaría e outras actividades informáticas" (CNAE 62) son as máis numerosas no sector representando case a metade do total das empresas do Hipersector TIC (49,9%) en Galicia no ano 2020. Dentro do subsector TIC o seu peso acada o 66%.

No Sector Contidos destacan dous subsectores: o de "Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais" (CNAE 58.1), que representa o 9,5% respecto do total de empresas do Hipersector TIC, e o subsector de "Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión" (CNAE 59.1), que representa o 10,6% respecto ao total das empresas do Hipersector TIC.

Emprendemento TIC

Taxas demográficas de emprendemento

**A taxa de
crecemento neto
das empresas do
Subsector TIC e das
empresas do
Subsector Contidos
seguen a ser
positivas no 2020**

A taxa bruta de natalidade empresarial describe a porcentaxe de empresas nadas e dedicadas aos subsectores TIC e de Contidos por cada mil empresas nun ano respecto ao total de empresas do Hipersector ao comezo dese ano.

As empresas que naceron ou se deron de alta no Hipersector TIC galego durante o 2020 foron máis que as empresas que desapareceron ou deixaron a súa actividade empresarial.

Ambos os dous subsectores do Hipersector TIC sinalan un crecemento significativo, xa que as taxas de natalidade superan ás de mortalidade en 15,2 puntos no sector TIC y en 28,9 no de Contidos. Estes datos, non obstante, móstranos como no ano 2020 houbo impacto da crise provocada pola COVID moderando o crecemento que se observa de forma ininterrompida nos últimos anos.

Táboa 3. Taxas de demografía empresarial dos subsectores do Hipersector TIC 2017-2020

SUBSECTOR TIC	TAXA BRUTA DE NATALIDADE	TAXA BRUTA DE MORTALIDADE	TAXA DE CRECIMENTO TOTAL
2017	157,8	134,9	22,9
2018	156,1	107,7	48,3
2019	174,3	124,0	50,3
2020	152,2	137,0	15,2
SUBSECTOR CONTIDOS	TBN	TBM	
2017	137,2	121,5	15,6
2018	146,4	103,9	42,5
2019	154,2	88,4	65,8
2020	150,1	121,1	28,9

Demografía empresarial

No ano 2020
continúan a crecer
as taxas de
actividade
empresarial no
sector TIC (9,4%) e
no sector contidos
(59,3%)


Taxa de Actividade emprendedora

A Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) indica a porcentaxe de poboación activa dedicada ás iniciativas emprendedoras no sector.

Durante o ano 2020, o subsector TIC foi o que presentou a Taxa TEA máis elevada, cun 12,8%, continuando cunha liña crecente que viña dándose de maneira desigual dende hai 5 anos.

O subsector dos Contidos incrementou neste mesmo ano a súa Taxa de Actividade Emprendedora en máis dun 50%, ata acadar 4,3 puntos porcentuais en 2020.

Gráfico 2. Evolución do Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) no Sector TIC e no Sector CONTIDOS (2010-2020)



Fonte: IGE.

Número de empresas


Relación Galicia-España

No 2020, Galicia consolídase no **quinto lugar** do ranking nacional no número de empresas do Hipersector TIC

No conxunto de España existen 84.964 empresas que desenvolven a súa actividade no Hipersector TIC: o 78,5% pertence ao sector TIC e o 21,5% ao sector contidos.

Galicia é a quinta comunidade autónoma cunha maior cifra de empresas deste segmento, unicamente superada por Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

Gráfico 3. Número de empresas do Hipersector TIC por Comunidades Autónomas. Ano 2020



Relación Galicia-España

As empresas do
Hipersector TIC de
Galicia supoñen o
**4,6% do total do
Hipersector TIC
español**

Número de empresas

O crecemento observado na demografía de empresas do Hipersector TIC en Galicia é superior ao conxunto de España.

No 2020, o número de empresas do Hipersector TIC en Galicia creceu un 2,3% mentres que en España a suba foi menos intensa (1,9%).

No ano 2020 as empresas relacionadas co Hipersector TIC en Galicia representan o 4,6% de todas as empresas dedicadas a esta actividade en España.

**Táboa 4. Número de empresas do Hipersector TIC.
Galicia-España 2016-2020**

ANO	2016	2017	2018	2019	2020
ESPAÑA					
TIC	60.036	62.234	64.808	65.250	66.682
CONTIDOS	17.184	17.418	18.467	18.112	18.282
HIPERSECTOR	77.220	79.652	83.275	83.362	84.964
GALICIA					
TIC	2.579	2.627	2.783	2.897	2.961
CONTIDOS	831	847	882	933	958
HIPERSECTOR	3.410	3.474	3.665	3.830	3.919

Fonte: IGE-INE. Directorio de Empresas 2016-2020


Peso relativo do Hipersector TIC

O Hipersector TIC
segue a aumentar o
seu peso no tecido
empresarial galego
en 2020
representando xa o
1,57% das empresas
de Galicia

Número de empresas

No 2020 continúa a producirse un incremento do peso relativo das empresas do Hipersector TIC respecto do total de empresas de Galicia, acadando xa o 1,57%, fronte ao 1,52% que se rexistraba no ano 2019. Este dato amósanos tamén a resiliencia do sector nun período de crise sanitaria que afectou altamente ó conxunto do sistema empresarial galego.

**Gráfico 4. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia
(%). Anos 2016-2020**



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2016 – 2020

Distribución provincial

O **45,9%** das
empresas galegas
do Hipersector TIC
teñen a súa sede na
provincia da **Coruña**

Distribución das empresas


As provincias da Coruña e Pontevedra concentran conxuntamente o 79,9% da totalidade das empresas do Hipersector TIC.

Durante o 2020 prodúcese un incremento no número de empresas en todas as provincias. Cabe salientar que na provincia de Ourense rexístrase un crecemento de 19 empresas do Hipersector TIC. Nas provincias de Pontevedra e A Coruña, o incremento foi de 16 e 15 empresas, respectivamente. Finalmente Lugo rexistra un crecemento de 10 empresas no último ano.

Mapa 1. Peso das empresas do Hipersector TIC por provincias galegas. 2020

A Coruña	
2016	1.603
2017	1.651
2018	1.729
2019	1.784
2020	1.799

Pontevedra	
2016	1154
2017	1158
2018	1230
2019	1317
2020	1333



Lugo	
2016	233
2017	225
2018	237
2019	268
2020	278

Ourense	
2016	243
2017	246
2018	265
2019	266
2020	285

Sede fóra de Galicia pero con actividade na Comunidade


2016	177
2017	194
2018	204
2019	195
2020	224

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2016 – 2020

Condición xurídica

A forma xurídica societaria representa o 60,4% das empresas do Hipersector TIC fronte ao 39,6% de persoas físicas (autónomos/as).

Gráfico 5. Hipersector TIC en Galicia por condición xurídica




Fonte: IGE, Directorio de empresas: 2016- 2020

Tamaño das empresas

O 81,8% das empresas do Hipersector TIC galegas contan con 2 traballadores/as ou menos.

Gráfico 6. Hipersector TIC Galicia por tamaño da empresa




Fonte: IGE, Directorio de empresas: 2020

Mapa 2. Número de empresas do Hipersector TIC segundo área macrocomarcal*. 2020

Nas áreas macrocomarcais da **Coruña e Vigo** concéntrase o maior volume de empresas do **Hipersector TIC**

- Máis de 500 empresas
- De 100 a 500 empresas
- De 50 a 99 empresas
- Menos de 50 empresas




Áreas macrocomarcais	Empresas	Áreas macrocomarcais	Empresas
Área da Coruña	975	A Barbanza-Noia	61
Área de Vigo	868	Pontevedra nororiental	44
Área de Santiago	499	A Coruña suroriental	44
Área de Ourense	207	A Mariña	37
Área de Lugo	191	O Carballiño- O Ribeiro	33
Área de Pontevedra	171	Lugo Sur	29
Ferrol, Eume e Ortegal	131	Ourense Sur	25
Caldas-O Salnés	101	Lugo oriental	21
Costa da Morte	89	Ourense Central	20
Pontevedra Sur	79	Sede fóra de Galicia pero con actividade na Comunidade galega	224
O Morrazo	70		

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2020

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais".

Mapa 3. Número de empresas do sector TIC segundo área. 2020

No caso do subsector das TIC, as empresas concéntranse novamente no **Eixo Atlántico**. Destacan, especialmente, as áreas da **Coruña e Vigo**



- Máis de 500 empresas
- De 100 a 500 empresas
- De 50 a 99 empresas
- Menos de 50 empresas

Áreas macrocomarcais	Empresas	Áreas macrocomarcais	Empresas
Área da Coruña	731	A Barbanza-Noia	46
Área de Vigo	686	Pontevedra nororiental	32
Área de Santiago	325	A Coruña suroriental	26
Área de Ourense	167	A Mariña	26
Área de Lugo	149	O Carballiño- O Ribeiro	22
Área de Pontevedra	119	Lugo Sur	20
Ferrol, Eume e Ortegal	108	Lugo oriental	19
Costa da Morte	76	Ourense Sur	18
Caldas- O Salnés	74	Ourense Central	13
Pontevedra Sur	66	Sede fóra de Galicia pero con actividade na Comunidade galega	187
O Morrazo	51		


Fonte: IGE, Directorio de empresas 2020

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 4. Número de empresas do sector contidos segundo área. 2020

No subsector
contidos sobresaen o
número de empresas
da **Área da Coruña** e
a **área de Santiago**,
que rexistra cifras
moi próximas á área
de **Vigo**

- Máis de 100 empresas
- De 50 a 100 empresas
- De 20 a 49 empresas
- Menos de 20 empresas




Áreas macrocomarcais	Empresas	Áreas macrocomarcais	Empresas
Área da Coruña	244	Pontevedra sur	13
Área de Vigo	182	Costa da morte	13
Área de Santiago	174	Pontevedra nororiental	12
Área de Pontevedra	52	A Mariña	11
Área de Lugo	42	O Carballiño – O Ribeiro	11
Área de Ourense	40	Lugo Sur	9
Caldas-O Salnés	27	Ourense Sur	7
Ferrol, Eume e Ortegá	23	Ourense central	7
O Morrazo	19	Lugo oriental	2
A Coruña suroriental	18	Sede fóra de Galicia pero con actividade na Comunidade galega	37
A Barbanza-Noia	15		

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2020

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 5. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Coruña. 2020





Fonte: IGE, Directorio de empresas 2020

20 concellos da provincia da Coruña contan con 10 ou máis empresas encadradas no Hipersector TIC.

Sobresaíndo fronte ao resto, **A Coruña e Santiago de Compostela** son os concellos que contan cun maior número de empresas do hipersector TIC na provincia ascendendo a **653** empresas no concello da Coruña e **322** no de Santiago de Compostela.


Mapa 6. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia de Lugo. 2020

O concello de **Lugo** é o que conta co maior número de empresas (**161**) do Hipersector TIC na provincia. Con respecto aos restantes concellos, só en dous casos supéranse as 10 empresas: Monforte de Lemos (16) e Sarria (13).




Fonte: IGE, Directorio de empresas 2020

Mapa 7. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia de Ourense. 2020




Fonte: IGE, Directorio de empresas 2020



Na provincia destaca a cidade de **Ourense con 151 empresas** do Hipersector TIC, seguida de San Cibrao das Viñas (35) e O Carballiño (18) e Verín (10).

Mapa 8. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia de Pontevedra. 2020



Na provincia de Pontevedra hai **19 concellos** que superan as **10 empresas** do Hipersector TIC. Destacando especialmente **Vigo (714)** e **Pontevedra (133)**.

VEB

O Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC galego supera os 1.957 millóns de euros e experimenta un aumento de máis do 10 % no último ano

Peso na economía galega

O valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC galego aumentou un 10,5% no último ano e supera os 1.950 millóns de euros.

É preciso salientar que este incremento produciuse tanto no sector TIC como no sector Contidos:


- O VEB do sector TIC supera os 1.700 millóns de euros, cun crecemento do 11% no último ano.
- No caso do sector Contidos supera os 246 millóns de euros, cun incremento do 7,2%

O peso Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC respecto do PIB galego acada o 3,1%, dúas décimas máis que no 2018, que é o máis alto da serie

Gráfico 7. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC respecto do PIB galego



Gráfico 8. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (2012-2018)
Datos en miles de euros



(p) Datos provisionais.

Para a definición de VEB, Nota sobre o a "Revisión estatística 2019": http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Nota_Revision_Estatistica_2019_gl.pdf
Metodoloxía: http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_contas_economicas_gl.pdf



2. Emprego

Emprego

EMPREGO


O número de empregados/as no **Hipersector TIC** incrementouse nun **6,3%** no último ano, o dato anual máis positivo da serie **2016-2021**

O Hipersector TIC incrementou o seu número de traballadores/as ata os 25.930 empregados/as no ano 2021 o que supón o maior crecemento da serie, ao acadar o 6,3% . Comparativamente, o Hipersector TIC é novamente un sector económico puxante no actual contexto, tras verse pouco afectado pola crise da COVID-19 (+0,2% en 2020).

O incremento máis forte deuse no Sector TIC, pero o sector sector Contidos tamén crece de maneira significativa:

- O Sector TIC conta actualmente con 20.740 traballadores/as, aumentando nun 7,2% no último ano..
- O Sector contidos crece tamén (2,8%) recuperando parte do que perdera en períodos anteriores e sitúase nos 5.190 traballadores/as.

Gráfico 8. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2016-2021)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016-2021


Emprego por provincias

PROVINCIA HIPERSECTOR TIC

A provincia da
Coruña aglutina o
59,1% dos
traballadores/as
do Hipersector TIC
de Galicia

En canto á distribución territorial, A Coruña é a provincia que aglutina a maior parte dos traballadores/as TIC, acollendo ao 59,1% do total do emprego do Hipersector TIC de Galicia. Séguelle Pontevedra, cun 28,8%.

Gráfico 9. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2016-2021) segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016-2021


Emprego por provincias

PROVINCIA SECTOR TIC

A provincia da
Coruña é a que
conta con maior
número de
traballadores/as no
Sector TIC e tamén
é a que máis creceu
(+1075) seguida de
Pontevedra (+553)

Atendendo unicamente ao Sector TIC, o emprego incrementouse en todas as provincias galegas excepto na de Lugo, sendo novamente a provincia da Coruña na que se rexistra un maior número de afiliados/as neste sector (12.007 asalariados/as). O crecemento relativo dea Coruña e Pontevedra son case idénticos (+9,8% e +9,7%).

Gráfico 10. Evolución do emprego (2016-2021) segundo provincias do Sector TIC



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016 -2021

PROVINCIA SECTOR CONTIDOS

O emprego no **Sector Contidos de Galicia** volve a crecer en todas as provincias, tras a contracción de 2020


Emprego por provincias

A Coruña é tamén a provincia que conta cun maior número de afiliados/as no sector contidos, seguida de Pontevedra, con pouco máis dun terzo da primeira.

Estas dúas provincias aglutinan o 86,8% dos traballadores/as do sector contidos.

En 2021, o número de traballadores/as do sector *Contidos* aumenta nas catro provincias galegas tras o descenso xeneralizado de 2020.

Gráfico 11. Evolución do emprego (2016-2021) segundo PROVINCIAS do Sector Contidos



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016-2021.

ACTIVIDADE

As actividades que máis emprego xeraron no Hipersector tic en 2021 son "Tecnoloxía da información e do servizo informativo" e "Telecomunicacións" con 939 e 442 empregados máis respectivamente

Emprego por áreas de actividade


Por áreas de actividade, as evolucións variaron respecto ao ano anterior. Así a actividade que rexistrou un maior crecemento absoluto no emprego foi "Actividades da tecnoloxía da información e do servizo informativo", con 939 empregados/as máis que ao comezo de 2021, crecemento relativo do 7,7%. En termos relativos, o maior ascenso é o do sector Telecomunicacións, co 13,3% e 442 empregados/as máis.

No Sector Contidos, o maior crecemento respecto ao ano anterior rexístrase en "Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión" co 8,6% (+107). En termos relativos crecen máis as Actividades de gravación de son e edición musical co 18,5% pero é un subsector reducido e o emprego incrementase en 15 persoas.

Clasificación en áreas de actividade CNAE-2009: <http://www.ine.es/daco/daco42/inditic/metoinditic.pdf>


- **MANUFACTUREIRAS TIC:** 2610.Fabricación de compoñentes electrónicos e Fabricación de placas electrónicas cargadas, 2620.Fabricación de computadoras e equipo periférico, 2630.Fabricación de equipos de comunicacións, 2640.Fabricación de aparellos de consumo electrónico, 2680.Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.
- **INDUSTRIAS COMERCIAIS:** 4651.Comercio por xunto de computadoras, equipo informático periférico e programas informáticos, 4652.Comercio por xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e dos seus partes e pezas.
- **ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC:** 5821.Industria editorial de xogos de computador, 5829.Outros tipos de edición de programas informáticos
- **TELECOMUNICACIÓNS:** 6110.Actividades de telecomunicacións por cable, 6120.Actividades de telecomunicacións sen fíos, 6130.Actividades de telecomunicacións por satélite, 6190.Outras actividades de telecomunicación.
- **ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO:** 62.01.Actividades de programación informática, 62.02.Actividades de consulta de tecnoloxía da información, 62.03.Actividades de dirección de instalacións de computador, 62.09.Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de computadoras.
- **PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS:** 63.11.Procesamento de datos, aloxamento (aloxamento) e actividades conexas, 63.12.Portais web.
- **REPARACION DE COMPUTADORAS E EQUIPOS COMUNICACIONAIS:** 9511.Reparación de computadoras e equipo periférico, 9512.Reparación de equipos comunicacionais.
- **EDICIÓN DE LIBROS, XORNAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EDITORIAIS :** 5811.Edición de libros, 5812.Edición de directorios e guías de direccións postais, 5813.Edición de xornais, 5819.Outras actividades editoriais.
- **ACTIVIDADES CINEMATOGRAFICAS, DE VÍDEO E DE PROGRAMAS DE TELEVISION:** 5911.Actividades de produción cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, 5912.Actividades de postprodución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5913.Actividades de distribución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5914.Actividades de exhibición cinematográfica.
- **ACTIVIDADES DE GRAVACIÓN DE SON E EDICIÓN MUSICAL :** 592.Actividades de gravación de son e edición musical
- **ACTIVIDADES DE PROGRAMACIÓN E EMISIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN:** 601.Actividades de radiodifusión, 602.Actividades de programación e emisión de televisión
- **OUTROS SERVIZOS DE INFORMACIÓN :** 6391.Actividades das axencias de noticias

**Gráfico 12. Desglose segundo CNAE do HIPERSECTOR
TIC. Anos 2020 e 2021**




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020-2021

**Gráfico 13. Desglose segundo CNAE. Sector TIC
Evolución 2017-2021**



**Gráfico 14. Desglose segundo CNAE. Sector
CONTIDOS Evolución 2017-2021**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017-2021

Emprego segundo o xénero

A análise do emprego dende unha perspectiva de xénero no Hipersector TIC indica que o 67,2% dos traballadores son homes e o 32,8% de mulleres. Por subsectores de actividade apréciase que:


- No Sector TIC, a porcentaxe de mulleres é do 30,6%.
- No Sector Contidos, as mulleres son o 41,5% do total de traballadores/as.

FENDA DE XÉNERO

A porcentaxe de **mulleres** empregadas no Hipersector TIC é do **32,8%**.


O emprego crece en ambos xéneros con forza (6,3%) pero, por primeira vez na serie, este crecemento é maior no caso do emprego feminino (6,9%), cunha diferenza de case un punto porcentual.

Gráfico 15. Distribución por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2021



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2020

Gráfico 16. Evolución por xénero do emprego no Hipersector TIC (2016-2021).



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016-2021

Emprego por réxime de cotización


Atendendo ao réxime de cotización dos traballadores/as do Hipersector TIC no 2021, o 84,7% do persoal cotiza no Réxime Xeral, mentres que o 15,3% desempeña o seu traballo baixo o Réxime Especial de Autónomos/as.

No último ano, o incremento no Réxime Xeral foi do 6,7%, e no Réxime Especial de Autónomos/as o incremento foi do 4,3%, os maiores incrementos da serie (2016-21).

Houbo un significativo incremento das cotizacións no Réxime Xeral (6,7%) e no Réxime de Autónomos (4,3%), con respecto ao ano anterior.


En canto á distribución dos traballadores segue sendo o Réxime Xeral o que aglutina a gran maioría (84,7%).

Gráfico 17. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2020



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2021

Gráfico 18. Evolución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC. 2016-2021



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016-2021


A Coruña é a provincia que conta cunha maior porcentaxe de traballadores/as no Réxime xeral, co 88,3%. Pola súa banda, máis do 20% de traballadores/as no Hipersector TIC das provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra son autónomos/as

Réxime e provincia

Tendo en conta o réxime de afiliación e a provincia do traballador/a, a de Lugo é o territorio onde se acada unha maior porcentaxe de autónomos/as no Hipersector TIC, cun 21,8% de afiliados/as.


A Coruña é a provincia que conta cunha maior porcentaxe de afiliados/as ao Réxime Xeral dentro do Hipersector TIC, cunha porcentaxe do 88,3%.

Gráfico 19. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2021 segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2021

Mapa 9. Número de traballadores/as do Hipersector TIC segundo área de residencia. 2021




Número de traballadores / as do Hipersector TIC. Galicia 2021

Áreas macrocomarcais	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcais	Número de traballadores/as
Área da Coruña	6.954	A Barbanza-Noia	510
Área de Vigo	4.928	A Coruña suroriental	424
Área de Santiago	3.240	Lugo oriental	359
Ferrol,Eume e Ortegal	1.235	Pontevedra nororiental	332
Área de Ourense	1.176	A Mariña	254
Lugo Central	1.072	Lugo Sur	239
Área de Pontevedra	951	Ourense central	225
Caldas-O Salnés	723	Ourense sur	205
Área de A Costa da Morte	632	O Carballiño-O Ribeiro	203
Pontevedra sur	597	Alta en Galicia / Outras residencias	1.105
O Morrazo	566	TOTAL	25.930

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2021

Mapa 10. Número de traballadores/as do Sector TIC segundo área de residencia. 2021.




Número de traballadores/as do Sector TIC. Galicia 2021

Áreas macrocomarcais	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcais	Número de traballadores/as
Área da Coruña	5.770	A Barbanza-Noia	418
Área de Vigo	4.228	A Coruña suroriental	331
Área de Santiago	2.095	Lugo oriental	349
Ferrol,Eume e Ortega	936	Pontevedra nororiental	250
Área de Ourense	937	A Mariña	168
Lugo Central	789	Lugo Sur	199
Área de Pontevedra	708	Ourense central	184
Caldas-O Salnés	552	Ourense sur	159
Área de A Costa da Morte	523	O Carballiño-O Ribeiro	153
Pontevedra sur	521	Alta en Galicia / Outras residencias	990
O Morrazo	480	TOTAL	20.740

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2021

Mapa 10. Número de traballadores/as do Sector Contidos segundo área de residencia. 2021.



Número de traballadores / as do Sector Contidos. Galicia 2021

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	1.184	O Morrazo	86
Área de Santiago	1.145	A Mariña	86
Área de Vigo	700	Pontevedra nororiental	82
Ferrol, Eume e Ortegal	299	Pontevedra sur	76
Lugo Central	283	O Carballiño-O Ribeiro	50
Área de Pontevedra	243	Ourense sur	46
Área de Ourense	239	Ourense central	41
Caldas-O Salnés	171	Lugo Sur	40
Área de A Costa da Morte	109	Lugo oriental	10
A Coruña suroriental	93	Alta en Galicia / Outras residencias	115
A Barbanza-Noia	92	TOTAL	5.190

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2021



3. Comercio exterior


O comercio exterior*

No 2020, o Hipersector TIC facturou en Galicia máis de 88 millóns de euros en exportacións,. Pola contra, as importacións creceron nun 8,1% con respecto aos datos de hai un ano, acadando practicamente os 147 millóns de euros.

BALANZA COMERCIAL

O Hipersector TIC
exportou máis de
88 millóns de
euros no ano 2020

Gráfico 20. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2020



Fonte: IGE, ano 2020

Táboa 5. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. (2015-2020)

ANO	2015	2016	2017	2018	2019	2020
BALANZA COMERCIAL (miles de euros)						
TIC	-28.738,63	-26.191,97	-23.976,88	-28.649,86	-39.077,50	-59.800,88
CONTIDOS	-842,59	-1.947,19	629,74	-69,01	-1.129,88	1.087,64
HIPERSECTOR	-29.581,00	-28.139,16	-23.347,14	-28.718,87	-40.207,39	-58.713,25

Fonte: IGE

* **Nota metodolóxica:** neste capítulo considerárase comercio exterior referido ao comercio de bens. Polo tanto, as CNAEs que computan son:

- Sector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582
- Sector Contidos -> CNAEs 581, 591, 592
- Hipersector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582, 581, 591, 592

Exportacións

A fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 2630) é a actividade que acadou unha maior cifra de exportacións, con máis de 47 millóns de euros, o que supón o 53,4% das exportacións do Hipersector TIC en Galicia.

Táboa 6. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2020

EXPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2019 (miles de euros)	VALORES 2020 (miles de euros)
Sector TIC	2611	1.458,5	1.117,6
	2612	4.667,4	4.603,7
	2620	18.015,5	15.115,6
	2630	49.125,5	47.134,3
	2640	16.370,2	11.806,1
	2680	123,3	271,0
	5829	0,2	0,0
	Total	89.760,65	80.048,35
CRECEMENTO 2019-20: -10,8%			
Sector Contidos	5811	2.945,2	4.330,5
	5813	0,0	0,0
	5814	716,3	1.753,1
	5819	2.126,0	2.022,9
	5915	150,4	88,6
	5920	54,5	21,7
	Total	5.992,4	8.216,8
CRECEMENTO 2019- 2020: +37,1%			
HIPERSECTOR TIC	Total	95.753	88.265
CRECEMENTO 2019- 2020: +37,1%			

Fonte: IGE, ano 2019-20

No ano 2020 o sector contidos creceu nun 37,1% debido ao pulo significativo de dúas actividades: o crecemento da CNAE 5811 (Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais), quen acadou ós 4,3 millóns de euros e un crecemento do 47% con respecto ó ano anterior, e a CNAE 5814 (Edición de revistas), quen acadou ós 1,7 millóns e un crecemento do 144,7%.


En canto ao Sector TIC, a actividade que rexistrou a mellor evolución foi a CNAE 2680 (Fabricación de soportes magnéticos e ópticos) cun crecemento do 119,8%.

As exportacións de
equipos de
telecomunicacións
superan os 47
millóns de euros

EXPORTACIÓNS


As **exportacións** máis importantes do Hipersector TIC proceden do **Sector TIC**, e máis da metade destas encádranse na actividade de **Fabricación de equipos de telecomunicacións**

Gráfico 21. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2020




Fonte: IGE, ano 2020

Gráfico 22. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2015 - 2020



Fonte: IGE, anos 2015 - 2020

Gráfico 23. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2015 – 2020



Fonte: IGE. Anos 2015- 2020

IMPORTACIONES

As importacións do sector TIC creceron nun 8,5% sendo a Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados (CNAE 2611) e a Fabricación de produtos electrónicos de consumo (CNAE 2640) as actividades que máis aportaron a este crecemento.

No sector contidos cabe salientar o crecemento experimentado pola Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais (CNAE 5811) que case duplica por dous o seu valor.

Táboa 7. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2020


IMPORTACIONES			
	CNAE	VALORES 2019 (miles de euros)	VALORES 2020 (miles de euros)
Sector TIC	2611	8.831,3	13.289,7
	2612	1.828,4	1.071,4
	2620	20.325,0	23.019,7
	2630	52.041,3	51.039,3
	2640	45.543,0	51.147,0
	2680	257,2	264,1
	5829	11,9	18,1
	Total	128.838,2	139.849,2
CRECIMENTO 2019-2020: +8,5%			
Sector Contidos	5811	1.153,3	2.219,7
	5813	130,3	0,0
	5814	9,3	6,4
	5819	4.780,7	3.986,6
	5915	1.005,2	890,2
	5920	43,5	26,2
	Total	7.122,3	7.129,1
CRECIMENTO 2019-2020: +0,1%			
HIPERSECTOR TIC	Total	135.960	146.978
CRECIMENTO 2017-2018: +8,1%			

Fonte: IGE, anos 2019 e 2020

IMPORTACIÓNS

Os produtos procedentes da fabricación de equipos de telecomunicacións e de aparellos electrónicos de consumo concentran o 69,5% das importacións do Hipersector TIC galego

Gráfico 24. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2020



Fonte: IGE, ano 2020

A actividade Fabricación de produtos electrónicos de consumo (CNAE 2640) sitúase no primeiro lugar nas importacións de 2020, acadando o 34,8%% do total do Hipersector TIC, cunha porcentaxe moi similar, a segunda actividade a nivel de importacións é a Fabricación de Equipos de Telecomunicacións (CNAE 2630), cun 34,7%.



4. Innovación tecnológica

ACTIVIDADE INNOVADORA

No período 2018-2020,
1.587 empresas
galegas de 10 ou máis
empregados/as
realizaron algunha
actividade innovadora

Innovación tecnolóxica


Neste capítulo analizarase en primeiro lugar a actividade innovadora das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, presentando datos procedentes de enquisas de innovación e I+D do INE.

Posteriormente, particularizaranse os indicadores de innovación ao Hipersector TIC de Galicia.

As actividades innovadoras comprenden calquera actividade sobre produtos ou procesos novos ou mellorados, incluíndo actividades en curso ou abandonadas.

No período 2018-2020, 1.587 empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron algún tipo de actividade innovadora, o que representa o 22,5% das empresas galegas deste segmento empresarial.

Gráfico 25. N° de empresas con actividades innovadoras en Galicia. 2018-2020




Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

NOTA IMPORTANTE: Na Enquisa de Innovación correspondente ao ano 2018 prodúcese unha ruptura da serie debido ao cambio metodolóxico da nova versión do Manual de Oslo. Por ese motivo, non se poden realizar comparacións cos datos publicados en anos anteriores.


Galicia ocupa a sexta posición no ranking de empresas innovadoras

Gráfico 26. Nº de empresas con actividades innovadoras en España. 2018-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

Mapa 11. Porcentaxe de empresas innovadoras por CCAA. 2018-2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

No período 2018-2020,
o 22,5 % das empresas
galegas de 10 ou máis
empregados/as
realizou algunha
actividade innovadora

Empresas innovadoras

Comparativamente, a porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis empregados/as que realizaron algunha innovación entre 2018 e 2020 é de 22,5% o cal representa unha proporción próxima á media estatal, que foi do 24,5%.

Gráfico 27. Porcentaxe de empresas innovadoras no período 2018-2020. Comparativa Galicia – España




Fonte: Elaboración propia a partir de datos INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, 2018-2020

Gasto en innovación

As empresas galegas de 10 ou máis empregados/as acadaron un gasto en actividades innovadoras de 722 millóns de euros no ano 2020.


Mapa 12. Gasto en Actividades Innovadoras por CCAA. Ano 2020. (miles de euros)



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

En canto ao gasto tecnolóxico para realizar actividades de innovación das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, unha de cada catro mercaron tecnoloxía xa coñecida pola empresa ou unha actualización da preexistente, situándose en valores similares á media estatal. No caso de compra de nova tecnoloxía, o 8,4% das empresas galegas mercaron nova tecnoloxía, non utilizada previamente pola empresa, un gasto no que destaca por riba da media estatal en 1,2 puntos porcentuais .

Gráfico 28. Tipo de tecnoloxía comprada. Comparativa Galicia – España. Ano 2020



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

Dificultades para a innovación


A existencia doutras prioridades dentro da propia empresa, unido á consideración dos elevados custes dificultan a innovación segundo as empresas galegas

Para o 46,2% das empresas galegas, o principal factor que dificulta a decisión de iniciar ou executar as actividades innovadoras é a existencia doutras prioridades na propia empresa.

A consideración do elevado custe (24,3%) é o segundo factor máis importante. Non obstante, estes factores perderon peso con respecto o ano anterior.

Gráfico 29. Factores que dificultan a innovación. Galicia. Ano 2020.

% sobre as empresas que consideran que os seguintes factores tiveron un grao de importancia elevado á hora de dificultar a decisión de iniciar ou a execución mesma das actividades innovadoras



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020


As empresas
galegas de 10 ou
máis
empregados/as
destinaron máis de
641 millóns de
euros a gastos
internos de **I+D** no
ano 2020

Gastos internos en I+D

No ano 2020, as empresas galegas de 10 ou máis empregados/as destinaron máis de 641 millóns de euros a gastos internos de I+D, o que supón un incremento do 2,3% con respecto ao ano anterior.


O dato obtido no 2020 é o máximo acadado na serie histórica galega.

Gráfico 30. Evolución dos gastos internos totais en I+D en Galicia . (2015-2020)



Fonte: INE, Estatística de I+D

**Gráfico 13. Contribución aos gastos internos totais en I+D por CCAA.
Ano 2020 (miles de euros)**



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2020

Considerando o total do territorio estatal, os gastos internos en I+D sitúanse no 15.768.133 miles de € no ano 2020. A Comunidade galega ocupa o sétimo posto do ranking nacional con 641.680 miles de euros, só por detrás de Comunidades como Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, Comunidade Valenciana e Castela e León.

Galicia permanece na sétima posición das Comunidades que máis investiron en I+D respecto ao conxunto estatal


PERSOAL EN I+D

O número de
traballadores/as en
I+D a xornada
completa en Galicia
sitúase preto das
10.800 persoas

No ámbito estatal, no ano 2020 estaban rexistrados 231.769 traballadores/as en I+D, dedicados a xornada completa;

En Galicia, a cifra de traballadores/as en I+D a xornada completa sitúase nos 10.774 empregados/as.

Gráfico 31. Evolución do persoal en I+D en Galicia (2015-2020)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2020


Empresas innovadoras

O 48,9% das empresas do Hipersector TIC de Galicia de 10 ou máis empregados/as realizou actividades innovadoras no período 2018-2020

Centrándonos agora no Hipersector TIC, a porcentaxe de empresas de 10 ou máis empregados/as con **actividades innovadoras no período 2018-2020 é do 48,9%**, superando amplamente a porcentaxe que se rexistraba no conxunto do tecido empresarial galego (22,5%). Entre as empresas do Hipersector TIC que realizaron innovacións, no 89,1% dos casos eran innovacións tecnolóxicas de produto e o 91,5% innovacións tecnolóxicas de proceso.


O gasto en innovación en Galicia do Hipersector TIC ascendeu neste período a máis de 118 millóns de euros, dos cales o 71,7% está destinado a I+D interna.

Gráfico 32. Tipoloxía en innovación de empresas do Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2018 -2020

Gráfico 33. Tipoloxía de gasto en innovación de empresas do Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron gastos en actividades innovadoras no ano 2020

A INNOVACIÓN E A i+d+i NO HIPERSECTOR TIC DE GALICIA


GASTO EN I+D

A ratio de intensidade de innovación sobre a cifra de negocio sitúase no 8,42 entre as empresas do Hipersector TIC galegas de 10 ou máis empregados/as que realizan actividades de I+D+i

A intensidade innovadora é a ratio dos gastos en actividades innovadoras respecto da cifra total de negocio. No caso do Hipersector TIC, este valor ascende ao 8,42% nas empresas que realizan actividades de I+D fronte ao 4,22% do conxunto das empresas do Hipersector.

Un dos impactos da actividade innovadora máis relevante prodúcese nos "procesos de negocio", con 123 empresas innovadoras. Séguenlle as que innovan en procesamento de información ou comunicación (77) e en métodos de fabricación ou produción (68).

Gráfico 34. Intensidade innovadora. Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2018 -2020

Gráfico 35. Empresas innovadoras por tipo de innovación. 2018-2020



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2018 -2020


A innovación e a I+D no Hipersector TIC

34,7% das empresas do Hipersector TIC declaran que as súas actividades innovadoras tiveron impacto na cifra de negocios .

O impacto das actividades innovadoras de produto na cifra de negocios afecta ao 34,7% das empresas do Hipersector TIC de 10 ou máis empregados/as: o 9,6% son innovacións no mercado e o 25,1% só para a propia empresa.



Gráfico 36. Impacto económico das innovacións de produto sobre a cifra de negocios



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2018- 2020

The background features a complex network of white nodes connected by thin blue lines, forming a spherical shape. This network is set against a dark background. Overlaid on this are several translucent blue geometric shapes, including rectangles and parallelograms, some of which are tilted. The overall color palette is dominated by various shades of blue and black.

5. Patentes

INDICADORES DE I+D

As patentes son **indicadores de innovación** por amparar as invencións orientadas á mellora industrial.

Patentes

A Organización Mundial da Propiedade define a patente como “un dereito exclusivo concedido a una invención, é dicir, a un produto ou procedemento que aporta, en xeral, una nova maneira de facer algo ou unha nova solución técnica a un problema”.

Son patentables aquelas invencións novas que impliquen unha actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial. A lexislación española, ao respecto, distingue entre patentes e modelos de utilidade.

Esta última modalidade resérvase a aquelas invencións de menor rango que, sendo novidades, consisten en dar a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da que se derive algunha utilidade ou vantaxe práctica.

As patentes constitúen un indicador recoñecido como útil para medir os resultados xerados polas actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, na medida en que protexen unha invención particular.

PATENTES

No ano 2019, a oficina Española de Patentes e Marcas concedeu

**81 modelos de
utilidade e 34
patentes en Galicia**


O período de protección no caso dos modelos de utilidade é de 10 anos, cando as patentes posúen unha efectividade de 20 anos.

As patentes de invención e os modelos industriais, xunto coas marcas, conforman a propiedade industrial.

No ano 2019 a Oficina Española de Patentes e marcas concedeu 34 patentes e 81 modelos de utilidade a entidades galegas.

A tendencia indica que os *modelos de utilidade* cobran cada vez maior peso respecto ás *patentes* como modalidade preferida en Galicia para protexer as invencións.

Gráfico 38. Patentes e Modelos de Utilidade concedidos a entidades en Galicia. Ano 2012-2019



Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, anos 2012 - 2019

Anexo: Definición de áreas macrocomarcales

Provincia da Coruña

- Ferrol-Eume-Ortegal: comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- Área da Coruña: comprende as comarcas da Coruña e Betanzos.
- Área da Costa da Morte: comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Soneira e Xallas.
- A Coruña suroriental: comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- Área de Santiago: comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- A Barbanza-Noia: comprende as comarcas da Barbanza e Noia.

Provincia de Lugo

- Lugo oriental: comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria.
- Lugo sur: comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- Lugo central: comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- A Mariña: comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.

Provincia de Ourense

- O Carballiño-O Ribeiro: comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- Ourense central: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- Ourense sur: comprende as comarcas da Limia, a Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- Área de Ourense: comprende a comarca de Ourense.

Provincia de Pontevedra

- Pontevedra nororiental: comprende as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Pontevedra sur: comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado.
- Área de Pontevedra: comprende a comarca de Pontevedra.
- Caldas-O Salnés: comprende as comarcas de Caldas e O Salnés.
- Área de Vigo: comprende a comarca de Vigo.
- O Morrazo: comprende a comarca do Morrazo.

